

Carlos Méixome

O
terror nas
Tebras e
outras catas
na memoria

EDICIÓNS
laiovento
LAIOVENTO

ENSAIO PESQUISA



Carlos Méixome Quinteiro. Aínda que dezán de nacemento (O Carrio, Val, Lalín, 1954), sendo un cativo levárono para O Carballiño. O oficio profesoral, impartindo Xeografía e Historia, levouno a asentarse no Val de Miñor, no comezo dos noventa, ata a súa xubilación. Estudou Filosofía e Ciencias da Educación, en tempos de incerteza, formando parte dunha xeración algo esquecida: a de ERGA. Participou, dende novo, no activismo político e cultural nacionalista. Colaborou co IGADI e en 1999 participou na fundación do Instituto de Estudos Miñoráns (IEM), do que foi director ata 2015. Ten publicado sobre cuestións de historia contemporánea e do nacionalismo e colaborado en medios de prensa e revistas culturais. Dende 2014 mantén o blog *Pé do Galiñeiro*. Dende 2005 ten desenvolvido unha ampla actividade memorialista arredor da persecución franquista no Val de Miñor e desenvolvido unha serie de investigacións sobre a mesma na área sur da provincia de Pontevedra. Algunhas delas recolléronse en *Catas na memoria. A persecución franquista no Val de Miñor*, (Laovento, 2021)

LIMIAR

Como Alcaldesa de Tomiño é para min unha inmensa honra que Carlos Méixome me pedise unhas verbas para iniciar esta publicación.

A súa escritura é testemuña imprescindible dun tempo e duns feitos aterradores da nosa historia colectiva que non debemos esquecer, por moi vergoñentos que sexan.

Os nomes e os lugares da barbarie deben quedar sinalados para sempre entre nós como cicatrices dunha historia que temos que coñecer para non repetir. O odio duns poucos non pode triunfar sobre a vontade democrática da maioría.

Non podoo evitar sorrir e compartir o cariño do autor por Lito Oliveira e Mario Rodríguez, dúas bandeiras da Memoria Histórica no noso concello, dúas grandes persoas e dous grandes amigos no tempo que nos tocou compartir viaxe.

As Asociacións da Memoria seguen a ser un movemento imprescindible dun estado cunha anomalía democrática no eido de escribir a súa propia historia. Moitos dos asasina-dos continúan no mausoleo que foi do verdugo, miles de esquecidos e paseados aínda en foxas comúns ou en cunetas. As cicatrices permanecerán, pero a dignidade obriga á restitución.

Non podemos permitir que o relato da historia, manipulado durante corenta anos de franquismo ameazante, siga sendo o de unha guerra fratricida inevitable, un dano colateral para tentar manter a paz. O relato non pode ser o dos vencedores, esquecendo as vítimas da barbarie.

Tampouco podemos deixar caer no esquecemento o papel das mulleres e a dobre invisibilización sufrida: primeiro, pola súa condición de represaliadas, e despois, pola invisibilidade histórica á que por desgraza estamos acostumadas, como se o xénero feminino non fose a metade da

humanidade e polo tanto protagonistas, aínda sen narrar, da parte correspondente dos feitos.

Agradezo infinito a investigación, o rigor, o traballo desinteresado a prol da comunidade e o tempo de Carlos Méixome para devolver a dignidade xa non só ás vítimas, senón a toda unha sociedade que, de non coñecer a súa historia, corre o risco de repetila.

Coa esperanza en que o odio e a irracionalidade non sexan a bandeira de nada máis no noso país, deséxovos unha feliz lectura.

Sandra González Álvarez

ÍNDICE

Limiar	11
1. O terror nas Tebras.....	17
2. Outro lugar na longa e variada historia da infamia....	99
3. Mosteiro de Santa María de Oia. Noticia dun campo de concentración.....	127
4. Limpando a retagarda: a “Falange” na Ramallosa, 1936-1939	199
5. A emerxencia da memoria, entre historia e mito	313
6. A recuperación cívica da memoria no Val de Miñor. as fosas de San Xián: algunhas consideracións e unha addenda	343
Siglas	403
Bibliografía citada	405

